

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADIÇÃO ORAL**CORTE Nº 2 CINTA 3****Museo
do Pobo
Galego****instituto de
estudos das
identidades****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0003_002_en_0_04_04_id621_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0003_002_en_0_04_04_id621.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a terceira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala das traíñeiras e describe as súas partes cos nomes tradicionais e locais.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 22 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, partes da embarcación, traíñeira

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 3

Falando das partes das embarcacións, a ver si se acorda máis ou menos, un barco de ardora ¿que tipo de partes tiña? O barco tiña un puente ¿non?

R: Mira, os primeiros barcos que viñeron de aquí para pescadores que era casi a trainera, a trainera...

P: ¿Cantos metros tiña de largo máis ou menos?

R: Tiña... as últimas traineras que había tiñan 12 metros.

P: 12 metros ¿E como estaba formada, que tiña unha cuaderna a todo largo, unha cuaderna, como estaba feita a trainera? ¿era larga?

R: ¿Viches as traineras de regatas?

P: Si eran parecidas.

R: Do mesmo tipo, solo que eran máis anchas. De largo eran máis ou menos así de ese largo. As primeiras non podían gastar vela, co estreitas que eran.

P: Claro eran tan estreitas que non lle daban para levar a vela.

R: Pero de alí a pouco tempo xa empezaron a gastar velas casi cuadradas, as primeiras que viñeron, as que viñeron de Asturias.

P: As que viñeron de Asturias ¿E tiñan timón esas?

R: Si, tiñan timón.

P: ¿En que partes se dividía? porque a trainera tiña que estar preparada un sitio para levar o aparello ¿non? outro sitio para levar o engado si levaba, ou a raba ¿non?

R: A trainera estaba dividida en varios trozos, como esta trainera. Aquí levaba unha zona do aparello, aquí levaba outra zona, tapábase, para o peixe.

P: ¿Como lle chamaban tiña un nome característico ou non?

R: Unha chamábanlle a pana, que era para o aparello, para gardar o aparello.

P: Si a pana para o aparello ¿e para o peixe?

R: Para o peixe casi...

P: Un queixón ou unha caixa ¿non?

R: Pero muitas veces a caixa, o aparello, o peixe, despois a pana...

P: ¿E donde se gardaban os remos... ?

R: Na cubierta.

P: Na cubierta.

R: Si, porque levaba así, por riba dos bancos levábanse os remos.

P: ¿E toda esa parte da cubierta como lle chaman, tiña algún nome donde se apoiaban os remos?

R: Os remos apoiábanse en cubierta de largo a largo de proa a popa.

P: Que é o carel, o que lle chaman o carel, o carel dunha chalana ou o carel dun...

R: O carel é a zona de arriba en todo, vamos nesta embarcación o carel vai por aquí por fóra e despois, aquí van as remaduras, encima do carel van as remaduras donde van os remos.

P: E as remaduras tiñan un buraco no medio que se poñía o talete.

R: O talete, por aquí outra, por aquí outra, levaba uns taletes.

P: E os taletes agarraban o remo cos estobos, porque esas son palabras que me interesa saber polo que decía antes, se quere facer un exemplo de montar unha trainera poñerlle tamén as partes, o que é a quilla, o que son as cuadernas...

R: Ten, a trainera ten, a pana, a cadeira.

P: A cadeira

R: A cadeira é donde se achica a agua. Cando están ocupadas a outras partes.

P: Si a cadeira.



R: A cadeira, a pana, o ensai.

P: O ensai, ¿que é o ensai?

R: O ensai, onde vai colocado o palo, porque nesta zona vai colocado o palo aquí.

P: O palo da rede.

R: O palo da vela.

P: ¡Ai! o palo da vela, si.

R: Hai un cuadriño así ¿non? e esta zona está cerrada que se mete o pau aquí para cerrar, e chámanllo o ensai e despois este é o talmo¹, o talmo é unha zona que vai cerrada por riba tamén, onde se cobijan os trastes todos da vela, cando se garda a vela, cando se gardan os estrobos

P: Si e a roupa de aguas e iso ¿non?

R: Os enseres do barco ¿non? este é a proa, e esta é a popa.

P: E o aparello das traineras que se colocaba a todo o largo ou solamente na...

R: Ocupaba un cuadriño así, que lle chamaban a pana. A pana era onde se gardaba o aparello, aquí largábase o aparello por aquí... [córtase]

¹ O talmo é a cuberta da proa das embarcacións como traíñas, botes ou chalanas.